

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a
responder:*

Nome e apelidos

Nome e apelidos

DNI:

Sinatura:

Firma:

Exame de obtención do Certificado de Aptitude Profesional (CAP)

Viaxeiros

04/04/2024

10:00 H

-GALEGO-

MODELO B



**Dele la vuelta al cuaderno
para disponer del examen en
CASTELLANO**

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

1. Todo corpo está exposto a diferentes forzas e pares. Que sucede cando a suma das forzas e os pares aplicadas a un autobús é distinta de cero?

- a) Que o vehículo se move.
- b) Que o vehículo se atopa en repouso.
- c) Que hai falta de gravidade.
- d) Que hai incremento de temperatura.

2. A importancia do transporte deriva...

- a) da súa achega directa ás cifras de produción.
- b) da súa achega directa ás cifras de emprego.
- c) do papel que desempeña para facilitar a mobilidade das persoas.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

3. Supervisar o acceso dos viaxeiros é unha función propia do:

- a) xerente.
- b) condutor.
- c) xefe de tráfico.
- d) comercial.

4. Se a traxectoria real do autobús é máis aberta da que debería seguir, fálase de:

- a) cabeceo.
- b) sobreviraxe.
- c) guiñada.
- d) subviraxe.

5. En que tipo de sociedade as accións poden ser de clase laboral e de clase xeral?

- a) Nas sociedades anónimas.
- b) Nas sociedades de responsabilidade limitada.
- c) Nas sociedades de responsabilidade limitada laborais.
- d) Nas sociedades anónimas laborais.

6. Para que un servizo de transporte de viaxeiros poida considerarse privado complementario debe reunir unha serie de requisitos. Cal non é correcto?

- a) Que o vehículo estea integrado na organización da empresa.
- b) Que a actividade principal da empresa sexa o transporte.
- c) Que sexa conducido por persoal da empresa.
- d) Que os viaxeiros teñan relación coa empresa.

7. Que vía está especialmente proxectada, construída e sinalizada como tal, para a exclusiva circulación de automóviles?

- a) A autoestrada.
- b) A travesía.
- c) As vías urbanas.
- d) A estrada convencional.

8. Que é unha travesía?

- a) Calquera vía pública situada dentro de poboado.
- b) É un tramo de estrada que discorre por poboado.
- c) É a vía que une as estradas que conflúen nun nó.
- d) É o nó da rede viaria no que todos as cruces de traxectorias posibles realízanse a nivel.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

9. Que se considera transporte internacional de viaxeiros por estrada?

- a) Aquel cuxo itinerario discorre, polo menos parcialmente, polo territorio dun Estado estranxeiro.
- b) Aquel cuxo itinerario discorre totalmente polo territorio dun Estado estranxeiro.
- c) Aquel cuxo itinerario discorre, polo menos parcialmente, polo territorio de dous Estados estranxeiros.
- d) Aquel cuxo itinerario discorre, polo menos parcialmente, polo territorio de tres Estados.

10. A deriva do pneumático dun autobús, de que depende?

- a) Da forza termotecnia lateral.
- b) Da anchura da lamia.
- c) Da forza de molaridade.
- d) Da forza atemporal.

11. Que conduta dos viaxeiros dun transporte en autobús está prohibida?

- a) Dificultar sen necesidade o paso a outros viaxeiros nos corredores.
- b) Dificultar o paso a outros viaxeiros nos corredores cando o vehículo vai moi ocupado.
- c) Tentar forzar o funcionamento das portas.
- d) As respostas A e C son correctas.

12. A tara dun autobús é:

- a) a masa do autobús en baleiro.
- b) a masa dos pasaxeiros que pode transportar legalmente.
- c) a masa da equipaxe que pode transportar legalmente.
- d) a suma das masas de vehículo, pasaxeiros e equipaxe que pode transportar legalmente.

13. A distancia de freado pode verse afectada por:

- a) a masa do vehículo, a carga que leve e a súa colocación.
- b) o estado dos freos, os amortecedores e os pneumáticos.
- c) as condicións da vía.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

14. Cando a vía só ten un carril, por onde se deberá circular?

- a) Pola dereita.
- b) Pola beiravía.
- c) Pola esquerda.
- d) Polo centro.

15. Como pode ser a habilitación ou reserva dun ou varios carrís para a circulación de VAO?

- a) Sempre de modo permanente.
- b) Sempre de modo temporal.
- c) Sempre de modo permanente e con horario fixo.
- d) De modo permanente ou temporal e con horario fixo ou en función do estado da circulación.

16. A licenza comunitaria para o transporte de viaxeiros é:

- a) un documento que se outorga ao transportista e que habilita para realizar transportes internacionais na Unión Europea.
- b) un documento polo que un autobús concreto é autorizado a realizar transporte internacional e que debe acompañar sempre ao permiso de circulación.
- c) un documento que habilita a un condutor para conducir vehículos que realizan servizos regulares internacionais de uso xeral.
- d) a homologación, a nivel comunitario, dun determinado tipo de autobús.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

17. O descenso dos pasaxeiros dun autobús debe realizarse:

- a) o máis rapidamente posible para non entorpecer o tráfico.
- b) unicamente pola porta traseira.
- c) unicamente cando o indique o condutor.
- d) nas paradas e co autobús completamente detido.

18. Nunha ruta de transporte escolar, a parada correspondente ao centro escolar situarase:

- a) sempre dentro do recinto escolar.
- b) dentro do recinto escolar, sempre que se poida.
- c) no mesmo lado da vía en que se atopa o centro, sempre que se poida.
- d) As respostas B e C son correctas.

19. Que tipo de dificultades experimentan, sobre todo, no transporte en autobús as persoas con limitacións na visión?

- a) De identificación de sinais acústicos.
- b) De detección de obstáculos.
- c) De comunicación.
- d) De comprensión.

20. A división do capital social en participacións é característica das ...

- a) sociedades laborais.
- b) cooperativas de primeiro grao.
- c) sociedades de responsabilidade limitada.
- d) sociedades colectivas.

21. Que conduta dos viaxeiros dun transporte en autobús está prohibida?

- a) Abandonar o vehículo fóra das paradas establecidas.
- b) Entrar no vehículo por lugar distinto dos destinados para iso.
- c) Acceder ao vehículo nas paradas establecidas cando se advertiu polo condutor de que está completo.
- d) Todas as respostas son correctas.

22. Como se denomina habitualmente o transporte de viaxeiros por conta allea?

- a) Transporte privado.
- b) Transporte público.
- c) Transporte á demanda.
- d) Transporte alugado.

23. Das forzas que se citan, cal se aplica a un autobús en movemento?

- a) A forza de adherencia.
- b) A forza de redución.
- c) A forza nula.
- d) A forza de progresión.

24. Que se debe observar polo retrovisor dereito ao saír dunha glorieta?

- a) O oco que poida quedar entre o bordo exterior da calzada e o noso vehículo para prever a irrupción doutros vehículos no mesmo.
- b) O beiril posterior.
- c) As rodas traseiras.
- d) Os amortecedores.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

25. As normas especiais sobre transporte de menores en autobús son aplicables aos transportes privados complementarios cando a terceira parte ou máis dos viaxeiros sexan menores de:

- a) 8 anos.
- b) 10 anos.
- c) 16 anos.
- d) 21 anos.

26. Como medida de prevención, debe evitarse manter o brazo apoiado no portelo durante longos períodos porque:

- a) pode atrasar a aparición da sensación de fatiga.
- b) recíbense as vibracións do vehículo e favorécense lesións como tendinites, artrites, etc.
- c) pode provocar sensación de relaxación e provocar distraccións.
- d) Non existe risco algún relacionado con esa postura.

27. Cando un condutor, dentro da súa xornada de traballo, cambia dun vehículo con tacógrafo analóxico a outro que ten tamén tacógrafo analóxico debe:

- a) utilizar sempre o mesmo disco que estaba a utilizar.
- b) poñer un disco novo sempre.
- c) utilizar o mesmo disco, sempre que estea homologado para ambos os tacógrafos.
- d) utilizar un caderno para anotar as actividades.

28. Como se diferencian os rexistros das actividades do condutor no disco-diagrama ou folla de rexistro?

- a) Rapidamente, debido a que están escritos en letra vermella.
- b) Non se diferencian.
- c) Con facilidade, debido a que destacan en letras maiúsculas.
- d) Pola diferenza no grosor ou a diferente posición dos trazos na zona onde se rexistran.

29. Das seguintes características dun servizo de transporte, cal é un dos elementos que afecta á percepción da súa calidade por parte dos clientes?

- a) A integridade da carga.
- b) O trato correcto por parte do condutor.
- c) O desenvolvemento íntegro do traxecto.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

30. En que caso dos seguintes se considera que unha empresa de transporte prestou un servizo de calidade?

- a) Cando o servizo que se deu alcanza o nivel que a empresa se propuxera.
- b) Cando o servizo deu resposta ás necesidades do cliente.
- c) Cando o servizo non foi percibido como adecuado polo cliente.
- d) As respostas A e B son correctas.

31. Cando se expide a tarxeta de cualificación do condutor?

- a) Unha vez superado o exame que acredite a cualificación inicial ou despois de superar o curso de formación continua.
- b) Soamente se se supera o exame.
- c) Soamente cando se termina o curso de formación continua.
- d) Ese documento non existe.

32. Na actividade de transporte, que lesión, causada polo mantemento prolongado de posturas forzadas, é a máis frecuente?

- a) Lumbalxias, cervicalxias e todo tipo de molestias nas costas.
- b) Roturas ou fisuras de ósos.
- c) Mazaduras.
- d) Hematomas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

33. Cando un vehículo está en movemento posúe unha enerxía cinética que será maior:

- a) canto maior sexa a súa altura.
- b) canto maior sexa a súa masa.
- c) canto maior sexa a súa lonxitude.
- d) canto maior sexa a súa anchura.

34. Que problema produce o traballo sedentario?

- a) Aumenta a circulación sanguínea das pernas.
- b) Aumenta a carga de esforzo sobre os músculos dos ombreiros.
- c) Diminúe a carga de esforzo sobre os músculos do pescozo.
- d) Diminúe a carga de esforzo sobre os músculos das costas.

35. Cal destes factores non afecta o aforro de combustible?

- a) Mirar e ver de lonxe.
- b) Gardar unha distancia de seguridade adecuada.
- c) Conducir con anticipación.
- d) A válvula de carga hidráulica.

36. Unha postura inadecuada mantida durante un período de tempo longo:

- a) pode provocar danos psíquicos.
- b) pode provocar danos físicos.
- c) non incide no estado físico do condutor.
- d) axuda a conseguir unha condución menos cansa.

37. Sinale a afirmación incorrecta:

- a) A declaración amigable de accidente axiliza o pago de indemnizacións derivadas dun sinistro.
- b) A declaración amigable de accidente fai que diminúa o consumo dos vehículos.
- c) A declaración amigable de accidente facilita e axiliza o labor do empregado que recibe o parte de sinistro na oficina.
- d) A declaración amigable de accidente facilita e axiliza o labor dos tramitadores da indemnización.

38. Como rexistra o tacógrafo analóxico a distancia percorrida polo vehículo nun disco-diagrama ou folla de rexistro?

- a) En números grandes para que se lea ben.
- b) Con números en letra vermella.
- c) Non a rexistra.
- d) Con movementos do estilete de subida e baixada na zona máis interior do disco.

39. En caso de condicións meteorolóxicas adversas por neve, que se recomenda facer se o nivel de circulación é amarelo?

- a) Abandonar o vehículo en todo caso.
- b) Empregar cadeas.
- c) Non saír de viaxe.
- d) Aumentar a distancia de seguridade.

40. Que se entende por "calidade producida" dun servizo de transporte?

- a) O nivel de calidade que a empresa se propón como obxectivo.
- b) O nivel de calidade alcanzado pola empresa nas súas operacións.
- c) O nivel de calidade dos produtos que adquire a empresa para a súa actividade.
- d) O nivel de calidade que perciben os clientes.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

41. Ao accionar o ralentizador, ven freadas:

- a) todas as rodas.
- b) sempre as rodas dianteiras.
- c) sempre as rodas directrices.
- d) só as rodas motrices.

42. Como se denomina ao certificado que acredita que un condutor superou os cursos e exames esixidos para a obtención da cualificación inicial dos condutores?

- a) Permiso de conducir da clase F-1.
- b) Tarxeta de condutor de tacógrafo.
- c) Número de Identificación Fiscal (NIF).
- d) Certificado de aptitude profesional (CAP).

43. Ao tomar medicamentos:

- a) podemos circular normalmente, sen preocupación.
- b) debemos informarnos dos efectos secundarios que poden producir.
- c) favorecemos a atención do condutor.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

44. Debe o disco-diagrama ou folla de rexistro do tacógrafo analóxico levar impresos os datos do fabricante?

- a) Si, pero só se o disco é estándar.
- b) Si, é obrigatorio.
- c) Non.
- d) Si, pero só para discos mecánicos.

45. No posto de conducción, a temperatura é un factor para ter en conta:

- a) Principalmente en horario nocturno.
- b) Principalmente en horario diúrno.
- c) En todo momento é necesario manter unha temperatura ideal.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

46. Os sinais de balizamento utilízanse para

- a) indicar que a estrada está en obras.
- b) indicar que a estrada está cortada.
- c) orientar ao tráfico ou indicar lugares de perigo.
- d) Todas as respostas son correctas.

47. Que representa o cliente para o condutor dunha empresa de transporte?

- a) Entre os seus interlocutores é o que máis inflúe na marcha da empresa.
- b) É un número.
- c) É alguén con quen discutir.
- d) É alguén con quen confrontar.

48. Cada vez que se realiza un cambio de marcha durante a subida dunha pendente, o autobús:

- a) perde potencia e reduce velocidade.
- b) gaña potencia e aumenta velocidade.
- c) perde potencia e aumenta velocidade.
- d) gaña potencia e reduce velocidade.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

49. Unha consecuencia de realizar unha condución encamiñada á optimización do consumo é:

- a) a protección do medio ambiente.
- b) o aumento do número de aceleracións.
- c) que se evitan as turbulencias.
- d) que se aumenta o réxime de xiro.

50. Cara a onde se despraza parte do peso do vehículo e os pasaxeiros do autobús ao frear?

- a) Cara ao eixo traseiro.
- b) Cara ao eixo dianteiro.
- c) Cara arriba.
- d) O peso do vehículo e os pasaxeiros do autobús non sofren ningún desprazamento ao frear.

51. Con que tipo de caixa de cambio se pode aforrar máis carburante?

- a) Con caixa de cambio automática, pero só en pendentes ascendentes.
- b) Con caixas de cambio manual.
- c) O tipo de caixa de cambio non inflúe no consumo de carburante.
- d) Con caixa de cambio semiautomática.

52. O ASR, Anti Slip Regulation, é un elemento de seguridade...

- a) activa.
- b) activa e pasiva.
- c) pasiva.
- d) Non se considera elemento de seguridade ao non ser obrigatoria a súa instalación nos vehículos.

53. É función do condutor de autobús cubrir algún tipo de documentación?

- a) Non, só debe preocuparse porque lla facilite a súa empresa ou o cliente.
- b) Si, o libro de ruta cando cumpra.
- c) Si, o contrato de transporte en caso de servizos discrecionais.
- d) As respostas B e C son correctas.

54. No consumo de carburante dun vehículo non inflúe:

- a) o número de revolucións por minuto do motor.
- b) a presión dos pneumáticos.
- c) a relación de marchas seleccionada na caixa de velocidades.
- d) a situación do volante de inercia.

55. Que é o primeiro que debemos facer en caso de accidente?

- a) Axudar ás vítimas.
- b) Solicitar axuda especializada.
- c) Preservar a seguridade da zona do accidente.
- d) É igual.

56. Das seguintes accións, cal favorece a ausencia de accidentes?

- a) Circular a unha velocidade inadecuada.
- b) Conducir baixo os efectos do alcol.
- c) Conducir respectando a sinalización viaria.
- d) Conducir utilizando inadecuadamente os elementos de seguridade dos vehículos.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

57. A estrada convencional é aquela que:

- a) reúne as características propias das autoestradas, autovías e vías para automóbiles.
- b) non reúne as características propias das autoestradas, autovías ou estradas multicarril.
- c) non reúne as características propias de calquera vía.
- d) reúne características específicas dunha vía non convencional.

58. Como se clasifican, entre outras, as estradas, segundo a normativa estatal?

- a) Autoestradas e estradas convencionais.
- b) De nivel nacional e de nivel territorial.
- c) Multicarril e monocarril.
- d) Todas as respostas son correctas.

59. Ademais de reducir o consumo de carburante, realizar unha condución económica presenta outras vantaxes. Sinale a resposta correcta.

- a) Prolónganse os prazos para pasar as inspeccións técnicas periódicas ITV.
- b) Permite aumentar os intervalos aconsellados polo fabricante do vehículo en canto ás revisións de mantemento.
- c) O desgaste dos pneumáticos é menor.
- d) Evita ter que comprobar o nivel do aceite do sistema de lubricación.

60. Na relación dun condutor cos clientes da súa empresa, a cortesía é:

- a) unha conduta innecesaria.
- b) un trazo fundamental.
- c) unha mostra de hipocrisía.
- d) unha habilidade superflua.

61. A franxa lonxitudinal afirmada, contigua á calzada, non destinada á circulación de automóbiles máis que en circunstancias excepcionais, denomínase:

- a) carril.
- b) beiravía.
- c) mediana.
- d) leito de freado.

62. Das seguintes situacións, cal pode considerarse un incidente ou anormalidade no transporte?

- a) Unha avaría dun manguito.
- b) Un incendio na zona de carga.
- c) Unha colisión.
- d) Unha saída da vía.

63. A evacuación polas xanelas de socorro pode ser necesaria en caso de:

- a) bloqueo das portas.
- b) incendio do vehículo.
- c) envorco.
- d) Todas as respostas son correctas.

64. Por que é importante o dispositivo ABS?

- a) Porque aumenta a distancia de freado.
- b) Porque mantén o control sobre a dirección do vehículo.
- c) Porque bloquea as rodas.
- d) Porque aumenta a perda de tracción.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

65. O sistema PCS (pre-collision system) é un elemento de seguridade...

- a) Non se considera elemento de seguridade ao non ser obrigatoria a súa instalación nos vehículos.
- b) pasiva.
- c) activa e pasiva.
- d) activa.

66. A máxima potencia dun motor conséguese?

- a) ao ralentí.
- b) a un réxime medio de revolucións.
- c) a un número de revolucións próximo ao máximo.
- d) ao máximo de revolucións.

67. Que debe facer o condutor dun autobús para reducir a resistencia á pendente?

- a) Interromper a forza de tracción.
- b) Utilizar o freo con máis frecuencia.
- c) Reducir o número de cambios de marcha.
- d) Aumentar o número de cambios de marcha.

68. Que tipo de freo actúa sobre a transmisión?

- a) O freo de inercia.
- b) O freo de expansión.
- c) O freo de compresión.
- d) O ralentizador hidrodinámico ou retárder.

69. As zonas sombrías da estrada, en que casos se deben evitar especialmente?

- a) Con néboa densa.
- b) Cando comeza a chover.
- c) Con vento forte.
- d) Ante a posible presenza de xeo.

70. A utilización do contarrevolucións dun vehículo pesado por parte do seu condutor, permite a redución do consumo de carburante?

- a) Si, xa que, se se manteñen as revolucións dentro da zona marcada xeralmente de verde, o consumo é menor.
- b) Si, xa que, se se manteñen as revolucións fóra da zona marcada xeralmente de verde, o consumo é menor.
- c) Non, o contarrevolucións só serve para non superar o número de revolucións máximo previsto para o motor.
- d) Non, o contarrevolucións só serve para reducir a deterioración mecánica do motor.

71. A maior altura do centro de gravidade, a estabilidade do autobús:

- a) diminúe.
- b) aumenta.
- c) aumenta, sempre que a parte máis lixeira da carga permaneza na base da caixa.
- d) non sofre alteracións.

72. É obrigatorio, en España, utilizar cinto de seguridade ou outro sistema de retención en autobuses e autocares?

- a) Si, sempre que dispoñan dos mesmos.
- b) Si, en calquera caso.
- c) Non é obrigatorio.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

73. Que precaucións deberán tomar os condutores para evitar atropelos?

- a) Moderar a velocidade na cidade.
- b) Estar especialmente atento aos peóns que van falando polo móbil.
- c) Poñer atención na saída dos garaxes.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

74. Respecto de os viaxeiros transportados en rutas procedentes de fóra do Espazo Schengen, poden ser sancionados os transportistas que non comuniquen os datos ou o fagan incorrectamente?

- a) Si, non só con multas, tamén con outras sancións.
- b) Non, só poden ser amonestados verbalmente.
- c) Non, en ningún caso.
- d) Só nos casos de falsificación de documentos.

75. Que factor non ten influencia no consumo de carburante?

- a) O tipo de ventilación do cárter: aberta ou pechada.
- b) O mantemento do vehículo.
- c) A posición do pedal do acelerador.
- d) A relación de marchas seleccionada na caixa de velocidades.

76. Realizar reformas nun automóbil que supoñan aumentar o seu coeficiente aerodinámico, é conveniente para reducir o consumo de carburante?

- a) Si, xa que canto maior é o coeficiente aerodinámico, menor resistencia ofrecerá ao aire e o seu consumo será menor.
- b) Non, xa que canto maior é o coeficiente aerodinámico, maior resistencia ofrecerá ao aire e o seu consumo será maior.
- c) As reformas que afecten o coeficiente aerodinámico non afectan o consumo, só afectan á estabilidade do vehículo.
- d) As reformas que afecten o coeficiente aerodinámico non afectan o consumo, só realízanse por razóns estéticas.

77. En caso de colisión frontal, os ocupantes serán proxectados:

- a) cara adiante, en caso de non utilizar cinto de seguridade.
- b) cara a detrás, en caso de non utilizar cinto de seguridade.
- c) cara adiante, en caso de utilizar cinto de seguridade.
- d) cara a detrás, en caso de utilizar cinto de seguridade.

78. Na declaración amigable de accidentes é imprescindible:

- a) facer constar sempre a data e hora do accidente.
- b) identificar o lugar do accidente mediante rúa ou vía e poboación.
- c) anotar a matrícula dos vehículos implicados.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

79. Para controlar o espazo posterior ao vehículo, é importante:

- a) utilizar as luces antinéboa sempre.
- b) frear con tempo e progresivamente.
- c) non frear baixo ningún concepto para evitar alcances.
- d) utilizar as luces de emerxencia en caso de condución baixo a choiva.

80. Na actividade de transporte, que circunstancia causa accidentes mortais con maior frecuencia?

- a) Chans esvaradíos por vertedura de auga, aceite e/ou carburante.
- b) Falta de iluminación e/ou sinalización.
- c) Abandono do vehículo sen asegurar a súa inmovilización.
- d) Escaleiras en mal estado.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

81. Que función, entre outras, ten a suspensión dun autobús?

- a) Moderar a velocidade do vehículo.
- b) Proporcionar certo confort.
- c) Aumentar a aceleración do vehículo.
- d) Regular a presión de inflado.

82. Que se pode dicir da marca?

- a) Representa fundamentalmente unha promesa de insatisfacción para os consumidores.
- b) Representa o principio pasivo dunha empresa de servizos.
- c) Permite diferenciar os servizos respecto a os competidores.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

83. O disco-diagrama ou folla de rexistro do tacógrafo analóxico ten unha zona onde anotar:

- a) a matrícula do vehículo.
- b) o número de bastidor do vehículo.
- c) a marca do vehículo.
- d) o nome da empresa.

84. Cal é a principal finalidade dos elementos de seguridade activa dun vehículo?

- a) Diminuír os danos causados por un accidente no vehículo.
- b) Evitar que se produza un accidente.
- c) Diminuír os danos causados por un accidente nas persoas.
- d) Reparar as avarías sufridas polo vehículo canto antes.

85. Reducir a velocidade media de circulación, que vantaxes presenta?

- a) Non ter que comprobar o nivel do aceite motor xa que, conducir desta maneira, fai que o consumo de aceite sexa nulo.
- b) Menor consumo, contaminación ambiental e desgaste mecánico.
- c) Reducir o coeficiente aerodinámico do vehículo e prolongar a vida do motor.
- d) Reducir a frecuencia da inspección técnica periódica e aumentar os prazos de mantemento do vehículo.

86. Nos accidentes laborais na actividade de transporte:

- a) soamente intervén unha única causa.
- b) adoitan confluír varias causas.
- c) a causa é sempre o comportamento inadecuado do condutor.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

87. A carga útil dun autobús é:

- a) a masa que se alcanza con aceleración máxima.
- b) a masa que pode transportar o vehículo, resultante de restar a tara do mesmo da súa Masa Máxima Autorizada.
- c) a masa máxima para a utilización do vehículo con carga en circulación polas vías públicas.
- d) a masa máxima por eixo baseada na súa construción e especificada polo fabricante.

88. Que afecta o consumo de carburante dun vehículo?

- a) A montaxe de freos de tambor.
- b) O tipo de ralentizador que monte o vehículo.
- c) O mantemento do vehículo, o tipo de condución que realice o condutor e o estado no que se atope o filtro do aire do sistema de alimentación.
- d) A montaxe de freos de disco.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

89. Que indicacións deberá levar impresas cada folla de rexistro ou disco-diagrama de tacógrafo analóxico?

- a) Nome, apelidos e domicilio ou marca do transportista.
- b) Nome, apelidos e domicilio do condutor.
- c) Marca e modelo do vehículo utilizado.
- d) Marca de homologación do modelo ou dos modelos de aparatos nos que pode utilizarse a folla.

90. Dos seguintes elementos do vehículo, cal forma parte do retardador hidráulico?

- a) O estátor fixo.
- b) A válvula de catro vías.
- c) A válvula de paso.
- d) O calderín.

91. As medidas preventivas básicas para previr a delincuencia e a inmigración clandestina serán asumidas:

- a) só polas autoridades policiais.
- b) polas empresas de transporte e os seus condutores.
- c) exclusivamente polo condutor do vehículo.
- d) só pola Administración pública.

92. Un repousacabezas axustado por baixo da caluga do seu usuario:

- a) considérase axustado optimamente.
- b) reduce o risco de lesións cervicais.
- c) aumenta o risco de lesións cervicais.
- d) aumenta o risco de lesións lumbares.

93. Unha dose adecuada de café ou doutros estimulantes naturais, que beneficios xera?

- a) Alivia a fatiga.
- b) Facilita os reflexos.
- c) Axuda a manter o estado de vixilia.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

94. Para aforrar carburante é preferible utilizar:

- a) marchas longas.
- b) marchas curtas.
- c) vehículos con caixas de cambio automático.
- d) unha relación de marchas que permita funcionar o motor a altas revolucións.

95. Que se coñece como empatía nun profesional dunha empresa de transporte?

- a) As instalacións da empresa.
- b) A limpeza dos locais da empresa desde que se comeza a prestar o servizo ata que se termina.
- c) A vontade de comprender e satisfacer as necesidades do cliente.
- d) A puntualidade nos servizos.

96. Cal é a función da formación continua para a renovación do certificado de aptitude profesional (CAP)?

- a) Actualizar os coñecementos dos condutores en materia de tempos de condución e descanso.
- b) Actualizar os coñecementos dos condutores en materia de sinalización viaria.
- c) Actualizar os coñecementos dos condutores en materia de ADR.
- d) Actualizar os coñecementos esenciais para o exercicio da súa función, facendo especial fincapé na seguridade na estrada, a saúde e a seguridade no traballo e a redución do impacto ambiental da condución.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-04-2024 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Viaxeiros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

97. A cantidade de traballo que pode proporcionar un motor por unidade de tempo é...

- a) a potencia.
- b) o consumo.
- c) a relación de compresión.
- d) o par motor.

98. O capital social dunha sociedade anónima non pode ser nunca inferior a:

- a) 30.000€
- b) 40.000€
- c) 50.000€
- d) 60.000€

99. Debe ocuparse un condutor de autobús de dar atención e información aos viaxeiros?

- a) Non.
- b) Si.
- c) Só no caso de viaxeiros con dificultades de mobilidade.
- d) Só no caso de viaxeiros menores de idade.

100. Que debe facer constar o condutor nunha nova folla de rexistro ou disco-diagrama antes de inserila no tacógrafo?

- a) Nome e apelidos.
- b) Hora UTC.
- c) Homologación do sensor de movemento.
- d) Número de chasis do vehículo.

Preguntas de reserva (Só se corraxirán se o tribunal anula algunha das anteriores)
--

101. De que factores depende o grao de rozamento nun autobús?

- a) Do quecemento.
- b) Do arrefriado.
- c) Do desprazamento de masas transversais.
- d) Da presión dos pneumáticos.

102. A enerxía que leva asociada un vehículo en movemento

- a) pódese aproveitar deixando de acelerar.
- b) é menor en vehículos pesados que en vehículos lixeiros.
- c) non é conveniente facer uso dela, xa que aumenta o risco de accidente por quecemento de freos.
- d) depende da altura e anchura do vehículo.

103. Que afecta o consumo de carburante dun automóbil con motor de combustión?

- a) O tipo de bomba de alimentación: de membrana ou de émbolo.
- b) O tipo de buxías que monte: frías ou quentes.
- c) O material do que estea construída a carrocería.
- d) O mantemento do vehículo, as revolucións por minuto do motor e a relación de marchas seleccionada na caixa de velocidades.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Fecha: 04-04-2024 10:00 h

Examen: Viajeros Modelo B

Duración: 120 MINUTOS

Lugar: RUA DE MADRID, 2

103. ¿Qué afecta al consumo de carburante de un automóvil con motor de combustión?

a) El tipo de bomba de alimentación: de membrana o de émbolo.

b) El tipo de bujías que monte: frías o calientes.

c) El material del que esté construida la carrocería.

d) El mantenimiento del vehículo, las revoluciones por minuto del motor y la relación de marchas seleccionada en la caja de velocidades.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Fecha: 04-04-2024 10:00 h
Lugar: RUA DE MADRID, 2

Examen: Viajeros Modelo B
Duración: 120 MINUTOS

96. ¿Cuál es la función de la formación continua para la renovación del certificado de aptitud profesional (CAP)?

- a) Actualizar los conocimientos de los conductores en materia de tiempos de conducción y descanso.
- b) Actualizar los conocimientos de los conductores en materia de señalización vial.
- c) Actualizar los conocimientos de los conductores en materia de ADR.
- d) Actualizar los conocimientos esenciales para el ejercicio de su función, haciendo especial hincapié en la seguridad en carretera, la salud y la seguridad en el trabajo y la reducción del impacto medioambiental de la conducción.

97. La cantidad de trabajo que puede proporcionar un motor por unidad de tiempo es...

- a) la potencia.
- b) el consumo.
- c) la relación de compresión.
- d) el par motor.

98. El capital social de una sociedad anónima no puede ser nunca inferior a:

- a) 30.000€
- b) 40.000€
- c) 50.000€
- d) 60.000€

99. ¿Debe ocuparse un conductor de autobús de dar atención e información a los viajeros?

- a) No.
- b) Sí.
- c) Solo en el caso de viajeros con dificultades de movilidad.
- d) Solo en el caso de viajeros menores de edad.

100. ¿Qué debe hacer constar el conductor en una nueva hoja de registro o disco-diagrama antes de insertarla en el tacógrafo?

- a) Nombre y apellidos.
- b) Hora UTC.
- c) Homologación del sensor de movimiento.
- d) Número de chasis del vehículo.

Preguntas de reserva (Solo se corregirán si el tribunal anula alguna de las anteriores)

101. ¿De qué factores depende el grado de rozamiento en un autobús?

